COLABORACIÓNS páxinas 2 a 4
COMPLEMENTARIAS páxinas 5 a 13
ESCOLARES páxinas 14 a 19
BIBLIOTECA páxina 20 a 22
ANPA páxina 23

OS SABERES POPULARES E OUTROS RECURSOS PARA A APRENDIZAXE DA LINGUA ORAL

Amparo Jiménez. Orientadora

A lingua oral ten un papel moi importante na estruturación do pensamento. Este aspecto débese ter en conta, co fin de crear frecuentemente situacións nas que os nenos e nenas verbalicen as súas experiencias. Aínda que tarden en conseguilo.
A curiosidade infantil, que nestas idades tan frecuentemente se pon de manifesto, fai que o neno e a nena entren de cheo no xogo comunicativo e pregunten sobre a información que se lles está presentando, pidan novas aclaracións, expoñan as súas experiencias sobre o particular, apoien ou rexeiten o que oen, etc.
Podemos utilizar os saberes populares para o ensino e aprendizaxe da lingua oral.
O primeiro será ver cómo se expresan en situacións reais de linguaxe, espontáneas e individualizadas. Cos que non participen neste tipo de conversacións, utilizarase a "conversación dirixida"; partindo do fácil ao más difícil, do coñecido ao descoñecido, do concreto ao abstracto e do vivido ao pensado, tendo en conta, entre outras cousas, a idade das nenas e dos nenos, e a súa contorna social e cultural.
¿**Que elementos de motivación utilizaremos**?
Contos tradicionais e as súas personaxes preferidas: A Carapuchiña vermella, O Gato con Botas, / Contos populares galegos, con animais como protagonistas: o lobo, a raposa, o galo, a galiña, o gato, a ovella, o burro, o rato, o oso, o grilo, etc. / Debuxos animados actuais.
Propoñeranse, entre outras cousas, obxectos para que digan o seu nome; de non lograrse que os diga todo o alumnado, entón, farase unha pequena e sinxela descrición dos mesmos e tamén os representaremos a través da mímica, e mesmo lles ensinaremos fotografías ou debuxos, para lograr que todo o alumnado realice este diagnóstico.
Intentamos detectar as posíbeis carencias da linguaxe na pronunciación de certas palabras: Substitución dun son por outro: Bruxa>gruxa, druxa / Omisión de sons: Xigante>igante / Supresión dun son en medio da palabra: Bruxa>brua / Incorporación dun son ao principio da palabra:Xigante>axigante / Rotación ou cambio de sons na palabra: Bruxa>burxa.
Nos dous casos que seguen, estaríase a detectar a pronuncia do fonema oclusivo sonoro /g/ con pronunciación de gheada; un trazo característico dalgunhas zonas de Galicia: Gato>ghato; Goma>ghoma
De atoparmos seseo, tamén recolleriamos este como unha característica dalgunhas zonas de Galicia: Caperucita>Caperusita

ALGÚNS RECURSOS CULTURA POPULAR GALEGA QUE UTILIZAMOS

A literatura popular ofrece múltiples posibilidades para axudar a emendar problema de deficiencias lingüísticas. Desta literatura, podemos aproveitar, por exemplo, carrolos, cancións, recitados e mesmo contos. Un material moi atractivo para o alumnado, debido ao seu carácter lúdico; aos nenos gústalles escoitalos, repetilos, xogar coas palabras, e mesmo inventar palabras e novos xogos.
Utilizamos algúns recursos que se poden encontrar en xogos, arrolos e cancións, que nalgún caso os coñecerán algúns nenos.

Un podería ser a **aliteración**, que consiste en repetir un ou varios sons nun mesmo verso, nunha estrofa, etc.
"Pimpirindín, pirindín, pirindolo - quen non come non ten barrigolo"
/p/. Pimpipimpín, pipimpán, pipinpón - ..non ten barrigón.
/t/. Tintitintín, titintán, titintitis - ...non ten barriguitis.
/k/. Quinquiquinquín, quiquincán, quiquincuco - ...non ten barriguco.

Para **traballarmos o fonema**:
/ř/ [r] e [rr] Ris, ras, ris, ras, aparta de aí ,que perdo o compás.
/ř/ Arrú arrú, meu meniño / arrú arrú meu rapaz / arrú, arrú meu meniño / ben arruadiño vas.
Exemplos para discriminar grupos de letras: "Nun prato de trigo/ comen tres tristes tigres/ un tigre, dous tigres, tres tigres".
Tamén se poderían cambiar as vocais para chamar a súa atención: "Pampampampán, papampán, papampán, etc. (cambiando a por e - i- o- u).

Tamén podería ser de utilidade a **onomatopeia**, que encontramos en textos como os que seguen e que é un recurso que lles soe resultar do máis atractivo: Unha vella tiña un can, debaixo da cama onde ela durmía, e o can ladraba: guau, guau, e a vella dicía: ¡malos demos te leven, ou can!, que mal agradeces o pan que che dan. (bis; ao principio con cada animal e ao final, recollendo o son).

Este tipo de experiencias permiten tamén traballar de forma lúdica outros aspectos da aprendizaxe, por exemplo, da sílaba e a palabra: Con **xogos rítmicos**, con **sortes de xogo**, co **xogo de vexo-vexo silábico**, con xogos que conteñen **concatenación**, con xogos que teñen **anáfora**: Raposo, raposo, do cu piolloso. / Bexato, bexato, ¿que levas no papo? / Miñato, miñato, ¿que levas no prato? / Gaivota, gaivota, ¿que levas no bocho? / Donosiña, donosiña, etc.

Finalmente, recomendar ás familias dos alumnos e alumnas que poñan en práctica este tipo de xogos. O que contribuiría unha vez máis e de forma eficaz ao desenrolo da lingua oral dos nenos e nenas.

TEÑO QUE ESTUDAR!

José Luís Feijoo. Mestre EF

Todos sabemos que hoxe en día os estudos son algo fundamental na vida pero tamén hai uns valores como a responsabilidade, o sacrificio, o esforzo... que a actividade deportiva tenta de promover.
Aos xóvenes se lles di continuamente : "o mais importante son os estudos" e cando se enfrontan coa disxuntiva de adicar o seu tempo entre o deporte e as actividades académicas, primanse sobre todo estas últimas. A carga lectiva vai incrementando o seu peso (deberes, exames, traballos...) a medida que o neno vai superando etapas educativas, suprimindo, a actividade física.
Os rapaces teñen que aprender a organizarse, a ser responsables, tanto nos estudos como nas actividades nas que participe. É, por tanto, esencial a organización do seu tempo.

A actividade físico-deportiva ademais de ser fundamental para o seu desenvolvemento intelectual, axuda aos nenos a que vaian sendo conscientes dende pequenos da importancia de ter organizado o tempo. Esto lles servirá para cando as actividades académicas e profesionais sexan mais esixentes, dispor duns hábitos de estudo- tempo de lecer-actividade física correctos. Debemos ver a actividade física como unha maneira necesaria de formar persoas que cando cheguen a idade adulta teñan uns hábitos saudables e uns valores positivos como o traballo en equipo, a tolerancia, o esforzo,...Hai que ensinar aos nenos, por tanto, que a actividade física é importante como un complemento necesario ao estudo e ao traballo para estar máis sans e ser mellores persoas.